

VI. ANUNCIOS
B) ADMINISTRACIÓN LOCAL
CONCELLO DE VIGO

ANUNCIO da modificación da oferta de emprego público de 2016.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 2 de decembro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro. Modificar o Acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 8 de abril de 2016, que pasa a contar coa seguinte redacción:

Aprobar a oferta de emprego público do Concello de Vigo para o ano 2016, integrada polas seguintes 58 prazas vacantes:

a) Persoal funcionario (35 prazas, 27 delas pola quenda libre e 8 por promoción interna).

Nº de vacantes	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Quenda de acceso
1	Técnico/a Administración xeral-rama xurídica	A1	Administración xeral	Técnica	Superior	Promoción interna
1	Administrativo/a Administración xeral	C1	Administración xeral	Administrativa	-----	Libre
8	Auxiliar Administración xeral	C2	Administración xeral	Auxiliar	-----	5 libre e 3 promoción interna
4	Subalterno/a	E	Administración xeral	Subalterna	-----	Libre
1	Enxeñeiro/a de camiños	A1	Administración especial	Técnica	Superior	Libre
1	Enxeñeiro/a industrial	A1	Administración especial	Técnica	Superior	Libre
1	Diplomado/a traballo social	A2	Administración especial	Técnica	Media	Libre
1	Enxeñeiro/a-técnico/a topografía	A2	Administración especial	Técnica	Media	Libre
1	Arquitecto/a técnico/a aparelador/a	A2	Administración especial	Técnica	Media	Libre
1	Técnico/a xestión	A2	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais	Promoción interna
1	Técnico/a relacións laborais	A2	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais	Promoción interna



Nº de vacantes	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Quenda de acceso
1	Técnico/a medio/a sistemas	A2	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais	Promoción interna
2	Programador/a informática	C1	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais	Libre
1	Sarxento extinción incendios	C1	Administración especial	Servizos especiais	Extinción incendios	Promoción interna
3	Bombeiro/a	C2	Administración especial	Servizos especiais	Extinción incendios	Libre
7	Policía local	C1	Administración especial	Servizos especiais	Policía local	Libre

b) Persoal laboral: 23 prazas (1 capataz pola quenda de promoción interna, 21 de oficiais de oficios do grupo C2 de titulación (6 delas pola quenda libre- 1 oficial condutor, 1 oficial fontaneiro, 1 oficial sepultureiro, 1 oficial mecánico e 2 oficiais coidadores zoo) e 15 pola quenda de promoción interna, e 1 de axudante de oficios do grupo transitorio E, pola quenda de promoción interna).

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 59 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto básico do empregado público (TREBEP), resérvanse un total de 5 prazas (7 % das 58 prazas ofertadas (33 correspondentes á quenda libre e 25 reservadas por promoción interna), para persoas con discapacidade, dúas delas para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e as tres restantes para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

– Dúas prazas de auxiliar de Administración xeral; unha das ofertadas pola quenda libre e outra da quenda de promoción interna.

– Dúas prazas de oficial de oficios, da quenda de promoción interna; unha delas reservase para ser cuberta por persoas que acrediten discapacidade intelectual.

– A praza de axudante de oficios, da quenda de promoción interna, reservada para persoas con discapacidade intelectual.

Vigo, 13 de decembro de 2016

O alcalde

P.D. (Decreto e Acordo do 19.6.2015)

Javier Pardo Espiñeira

Concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal

